

# Antroido 98

**21 - 22 - 23 - 24**
**Febreiro**

**CONCELLO DE FOZ**
Delegación de Cultura

ASOCIACIÓN
**RENTE AO MAR ESE CAMIÑO**
**FOZ**



Disfrute de Foz



*Texto escrito*
*por*

## XESÚS BASANTA MARTÍNEZ

XESÚS DO BREOGÁN

*Realiza*

## DELEGACIÓN DE CULTURA DO CONCELLO DE FOZ

*e*

## ASOC. RENTE AO MAR ESE CAMIÑO

IMP. VIANA - LOURENZÁ

O noso agradecemento a quen fixo posible este sinxelo documento

## COMISIÓN:

***"Rente ao Mar ese Camiño"***

*Xaime Cancio Rodríguez*
*Atilano Fernández Castiñeira*
*Benito Mesa Rego*
*Camilo Marful Fidel*
*Esteban Rodríguez García*
*Eufrasio Carballo*
*Fernando Eugenio Alonso García*
*Jesús Fernández Castiñeira*
*José Ramón Villarino Neira*

***FOLLETOS DO ANTROIDO***

*Antón Niñe*
*Arquivo do Concello*

***HISTORIA DO ANTROIDO EN FOZ***
***(Nota Xornalística)***

*Suso Fernández*

**FOTOGRAFÍAS**

*Foto Xuxa*
*Foto Carlos*
*Foto Minero*
*Arquivo do Concello*

***TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO***

*Iván Mecía Conde*

Floristería
Maruja
* CORONAS
* RAMOS
* ARREGLOS
PARA BODAS
Rúa das Corporacións, 30
Teléfono 14 06 45 - 27780 FOZ (Lugo)

Almacenes
PURA
Especialidad en Cortinas
GRAN SURTIDO EN TEJIDOS Y HOGAR
Otero Pedrayo, 3 - Teléfono y Fax: 13 24 03 - 27780 FOZ (Lugo)
Centro Comercial Porto Plaza - Tfno.: 58 52 37 - 27880 BURELA
Teléfono Móvil: 989 - 55 13 13

Perruquería OS VARELA
"A túa perruquería"
Rúa Corporacións
Teléfono 14 04 83 - FOZ

DAMA
PERFUMERIA - BELLEZA
ARTICULOS DE REGALO
Avda. da Mariña, 22
Teléfono 13 20 35 - FOZ

FLORISTERIA
SERVICIO INTERFLORA
"La Gardenia"
C/. Alvaro Cunqueiro, 11
FOZ (Lugo)
Tfno.: (982) 14 07 44
Fax: (982) 13 25 85

RELOXERÍA GARCÍA
Manuel García Fernández
Álvaro Cunqueiro, 1 - 27780 FOZ (Lugo) - Teléfono 13 24 85



*Querido amigo/a:*

*Tes ante tí un libriño co que pretendemos tan só facer unha pequena lembranza do Antroido de Foz.*

*Xa sabemos que faltan moitas cousas, pero sería interminable. Gustaríanos poñe-los nomes de todos aqueles que fixeron das rúas de Foz un escenario de auténtica ledicia e diversión, pero se poñemos mil quedaríannos outros mil.*

*Pode que esta pequena historia serva como detonante para que tí fagas outra mellor ou ben que tí nos aportes datos para enriquecer un futuro libro que teremos que facer, necesariamente, dentro dunhos poucos anos.*

***"Os Larpeiros", "Pernas do Centiño", "A Coral"...** son nomes que a todos nos dín algo. Fálannos de alegría, de bo humor, de festa. Relacionar aquí tódolos nomes dos grupos que participaron no Antroido sería moi dificil e innecesario, pois todos sabemos quenes son eses homes e mulleres que marcan con forza o Antroido de Foz.*

*Esta pequena lembranza do Antroido de Foz está elaborada a partir dunhos poucos datos, pero é todo o material do que dispoñemos. A nosa intención é que esta breve historia tan só serva para lembrar a todos aqueles que intentamos de boa fé facer algo para mellora-lo noso pobo.*

*Esperamos que che guste.*

*A Comisión*

PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES
ANIDOS, S.L.
VENTA DE APARTAMENTOS
VIVIENDAS Y LOCALES COMERCIALES
C/. Paseo de Colón, 15 - Bajo / FOZ (Lugo) - Telf.: 14 02 40 - Fax: 13 21 99

INTRODUCCIÓN

# Antroido, Entroido ou Carnaval

O Antroido, Entroido ou Carnaval, é unha festa que data dende tempos inmemoriais e que se celebra nos tres días que preceden á Coresma (remata o Antroido en martes, logo o mércores é cando a Igrexa Católica celebra o día da Cinza, e 40 días despois celébrase o domingo de Ramos).

Historiadores e investigadores non saben a ciencia certa a procedencia desta festa que se celebra en distintas partes do mundo e máis ou menos na mesma época, a excepción de Rusia, que se celebra no derradeiro día do ano, o 31 de Nadal, aínda que temos que pensar que en Rusia o día de Nadal é o 7 de Xaneiro.

O Carnaval celebrouse xa nas desaparecidas cidades bíblicas de Sodoma e Gomorra, hai uns 6.000 anos, pois hai historiadores que se atreven a confirmalo, aínda que tódalas hipóteses nolo presentan como unha festa romana. Dise que puido ser unha emanación das ***BACANAIS*** romanas, cando os románs celebran a festa adicada ó deus BACO (deus do viño) durante a vendima, rematando en auténticas orxías onde as ceas, os xantares pantagruélicos e o sexo eran o seu predominante, sobre todo nas festas ***SATURNAIS*** adicadas ó deus SATURNO, festas que se celebraban en Roma con auténticas orxías desenfrenadas.

Tampouco os gregos, coa celebración das festas ***LUPERCAIS*** adicadas ó deus PAN (deus dos rabaños e dos pastores na mitoloxía grega), se quedaron curtos á hora do desenfreno "carnal", aínda que estas festas foron absorbidas pola desorde civil e desenfreno moral.

Estes costumes pagáns prolongáronse nos primeiros séculos do cristianismo, primeiro en Constantinopla e máis tarde no Imperio de Occidente.

A partir do século XV, o Carnaval adquiriu unha gran preponderancia en Italia, particularmente en Venecia, onde o seu esplendor excedía a toda ponderación.

Tanto en Italia, Francia ou España dábase remate ó Carnaval co ENTERRO ou QUEIMA dun monicreque que representaba tal festa, aínda que parece ser que polo século XVII, nace o ***ENTERRO***



PAN TRES
EMPANADA TRADICIONAL ó estilo de FOZ
Rúa da Mariña, Teléfonos 14 01 52 - 14 06 24




***DA SARDIÑA,*** pois o rei Carlos II quixo celebrar unha festa nas cortes reais o primeiro día da Coresma (Mércores de Cinza), pero ó non poder comer carne por ser data en que a Igrexa Católica o prohibe, encargou a Galicia 10.000 kilos de sardiñas. Por falta de medios de transporte rápidos e cámaras frigoríficas as sardiñas chegaron totalmente podres a Castela, polo que as autoridades sanitarias decidiron o seu enterramento (en Foz coma en Ribadeo, séguese coa antiga tradición da Queima do Antroido).

En Galicia chamábase (e chámase) ***corre-lo ANTROIDO***. O Antroido consiste en disfrazarse con roupas vellas que non se corresponden entre si, ou sexa, co primeiro que che vén á man. Antigamente íase de casa en casa para que os veciños adiviñasen quen eras e tíñase por costume darlles ós antroideiros lambetadas feitas para celebrar tales festas, como filloas, orellas de frade, rosquiñas, etc; ó cadrar estas festas no tempo da matanza do porco, acostumaba dárselles tamén a proba do porco. Facíanse bromas normalmente moi pesadas, abonda con ver as tradicións que aínda se conservan en Xinzo de Limia ou en Laza: danlles ós antroideiros con paus nas pernas, bótanlles formigas, sal ou fariña por entre a roupa, etc; tamén era moi normal erguerlle-la roupa ás mulleres, o que se consideraba un verdadeiro escándalo.

No Antroido sempre houbo a picardía de enganar ó disfrazarse os homes de mulleres e as mulleres de homes. Sempre se ia acompañado dun pau para poder defenderse en caso de que alguén quixera desenmascararte e falábase con voz finxida para non ser recoñecido (os que non falaban era por que ou ben non sabían cambia-la voz ou ben porque aínda así puideran ser recoñecidos).

Os franquistas prohibiran a celebración do Antroido para evitar posibles vinganzas da guerra e pos-guerra baixo o ocultismo das máscaras, aínda que en Galicia sempre se celebrou de algún modo pero a escondidas. Deixaban organizar bailes infantís e os maiores podían "disfrazarse" con traxes rexionais pero coa cara ó descuberto.




OS CAFÉS
NA ESKINA
¡¡ Dou fé!!

# Historia do Antroido en Foz

Martes de antroido has de vir, cuncas e pratos han de ruxir. Botan as coplas os antroidiños e os antroideros en lugares adoito, comparsas e carrozas percorren as rúas da nosa vila, é tempo de esmorga e de larpeiradas, de troula e chacarrandainas; é o antroido en Foz. Vila e parroquias estoupan nunha grande algueirada, e os focegos amigos de enchentas e de brincadeiras, dito sexa de paso, ¡sen ánimo de ofender!, arelamos todo o ano o noso Carnaval.

Procuramos unicamente, renderlle unha merecida homenaxe aos homes e mulleres que, traballando arreo, -logo da "noite de pedra" da dictadura franquista- recuperaron para Foz a sona do seu Antroido, chegando este a se converter nun dos mais importantes, por non dicir o que máis, da provincia de Lugo. Temos, xa que logo, que escribir os seus nomes e deixar constancia dos seus feitos máis salientables.

Pero antes queremos lembrarvos que os carnavais tiveron dende sempre unha fonda tradición no noso concello. Nos inmediatos anos da pos-guerra aínda se corría o carnaval focego con actos dunha grande relevancia. Un dos máis prestixiosos era o derradeiro: o enterro do Santo Antroido, que se ía facer a Marzán. Daquela oficiaba de crego un veciño parrandeiro alcumado ***"O Lugués"*** que, ao son monódico do canto gregoriano, salmodiaba: "Eu quero comer na cazola do meu tío, e os fregueses laiábanse: "¡Adios, meu tío!". Pero o franquismo vetou o Antroido e quixo afogar a tradición. Os mundos ao revés, a parodia do poder e a crítica social e política -alicerces do carnaval- non son do gosto das dictaduras. Esas "cousas do Antroido" que -como recolle ***Otero Pedrayo*** na súa ***"Historia de Galicia"***- "Hai que levar a broma e calar moi caladiño", sempre enrabecharon aos señoritingos fascistas, carentes de sentido do humor. Así pois, a resultas da prohibición e ata ben entrada a década dos setenta, tan só se rexistran actos illados do Antroido no noso concello, sendo máis abondosos na aldea que na vila, pois a elas chegaba menos a represión.












Un bo exemplo deste actos aillados dos que falabamos, producíase sempre nos bailes infantís que se celebraban na Pista Bahía e ós que ano tras ano todos esperábamos a aparición do dúo formado por ***Cesarín*** e ***Jo***, dous persoaxes que daban a nota ó correr do Antroido porque sempre caracterizaban a persoaxes famosos, normalmente da TV. Unha das súas caracterizacións máis simpáticas foi a de ***"Tip e Coll"***, porque ***Cesarín*** tivo que facer uns zapatos especiais para dar a talla de Tip, e claro, ***Cesarín*** decía que tiña vértigo. Tamén foron moi simpáticos cando se caracterizaron de ***"Curro Jiménez y el Algarrobo"***, pois eran idénticos a non ser que en vez de cabalos levaban burros. A súa derrardeira caracterización foi a de ***"Lola Flores y Manolo Caracol"*** e deron un concerto de crítica política na ***Cafetería "EL Capitolio"*** (hoxe ***Xoyma***) acompañados á guitarra por ***Xesús do Breogán***. Na súa retranca de política local sacaron letras feitas por eles pero con música de cancións populares españolas, como por exemplo:




• "¿Qué le dise Tulio a la Corporasió Munisipá?"
(***Tulio*** era o corresponsal de ***El Porgreso*** que criticaba moi forte a corporación)
Cantando: *"La tiro al poso, la tiro al poso*
*que no quiero políticos con tanto moco"*
• *"Qué le dise la corporasió Minisipá a Tulio?"*
Cantando: *"Eres como una espinita*
*que se me ha clavao en el corasón.*
*Suave que me estas matando...".*
• *"¿Qué le dise er pueblo de Fox a la Corporasió Municipá?"*
Cantando: *"¡Quién te puso Salvaora qué*
*poco te conosía!".*
• *"¿Qué le dise er Arcalde ar Presidente de la Diputasió?"* (***Raúl Campos*** e ***Luis Cordeiro***, respectivamente)
Cantando: *"A tu ver, siempre a la verira tuya,*
*siempre a la verita tuya, hasta que por ti me muera"*

Estuveron máis dunha hora facendo este puzpurri, que máis tarde e a petición popular gravouse en cintas de cassette no salón de actos do ***Colexio Martínez Otero*** (cerca de 200 cintas) que foron vendidas o prezo de 400 Pts, e que despois de paga-los gastos do material o resto foi doado ó ***Asilo de Anciáns de Foz.***

Temo-la obriga, neste apartado, de destacar a un home moi carismático que non pasou ano sen que saise á rúa (con Franco e sen Franco) para demostar e mostrar a todo o mundo que a alegría formaba parte do seu propio espíritu, e na maioría das veces difrazábase de temas que representaban ás xentes do mar; estamos a falar de ***Vicente do Degaldo*** ou ***Vicente de Estrella*** como moitos o ceñecían.

Non podemos falar da historia do Antroido no noso pobo, sen recorda-la nota xornalística de ***Suso Fernández*** publicada en ***"El Progreso"*** o día 24 de Febriro de 1992, que nos fala do antroido en Foz entre os anos 1910 e 1934 e que transcribimos a continuación:

*"Das celebracións e festexos do noso pobo, sen dúbida é o antroido a que rexistra unha maior participación popular, na que os focegos poñen a proba cada ano o seu inxenio, o seu sentido do humor e o seu talante festivo e desenfadado; e foi tamén o antroido a festa que o longo dos anos experimentou unha maior evolución na súa celebración, evolución que se deu na última época fundamentalmente, na que se*

Suministros
INSTALACIÓN Y VENTA - FONTANERÍA
CALEFACCIÓN - GAS - BAÑOS
ELECTRODOMÉSTICOS
VEIDA S.L.
Teléfono / Fax 13 23 40 - Móvil 908 08 52 62 - MARZAN - FOZ (Lugo)



*produxo unha auténtica eclosión ó converterse en espectáculo que en cada edición sorprende a propios e estranos pola súa magnitude e brilantez.*

*Pódese decir que dende sempre se celebra en Foz o Antroido; a lo menos dende comenzos do século temos constancia de cómo entonces organizábanse comparsas que levaban polas rúas a alegría de cancións compostas para tal ocasión, e que ás veces obtiñan sonoro éxito*

*No ano 1910 José Ramón "da Cangalla", Juan María Nécega, meu pai e outros amigos formaron unha charanga que levou a alegría carnavalesca más alá do seu entorno; pasaron a ría e percorreron A Mariña (así denominouse sempre a zona comprendida entre Celeiro de mariñaos e Reinante), levando no seu repertorio unha canción que foi moi celebrada, e que decía así:*

*"Al correr el Carnaval*
*es cosa linda y corriente*
*que se divierta la gente*
*sin causar a nadie mal.*

*Esto es para no dudar*
*nuestra venturosa tierra*
*todo lo bello que encierra*
*es para hacernos gozar.*

*Ay, qué muchachita*
*las de este pueblo*
*ay, que salero, viva el humor*
*mientras que haya chicas tan bellas*
*es para ellas*
*el tierno amor.*

*Que nos excedimos*
*corriendo la tuna*
*pues si así somos*
*y lo compréndeis*
*justo es que con algo*
*nos recompenséis.*

*Sin ti no puedo vivir*
*dulce encanto de mis ojos*
*escúchame sin enojos*
*y no me hagas más sufrir.*

*Somos unos chicos*
*que da gusto vernos*
*no hay quien tenga*
*por donde cogernos.*

*Porque ya es sabido*
*que en los carnavales*
*hemos sido siempre*
*chicos muy formales*
*Sin que decir pueda*
*persona ninguna.*

*¡Vivan las muchachas*
*que saben amar!*
*¡Viva la alegría!*
*¡Viva el Carnaval!".*

ZOOROPA
En el color de la noche
foz

*O esforzo que a excursión significou (obviamente todo o percorrido por camiños e corredoiras fíxose a pé) tivo a súa compensación, pois chegaron a unha casa onde con pantagruélico banquete celebrábase a chegada dun "habanero", ó que foron invitados, e que recordarían polo resto das súas vidas...*

*Un magnífico coro foi formado para correr o Antroido do ano 1934, agrupación que dirixía Bustamante "O Laredano" e que marcou tamén un fito nestas celebracións. Nesta ocasión a novidade era a canción-protesta gaucha "El nuevo poblador", e que dende entón pasaría a formar parte do repertorio de cancións, populares de coros improvisados.*

*Numerosas foron as persoas que cada ano facían alarde do seu inxenio pola rúa, en reunións familiares ou nas festas, e que mantiveron aínda en anos de prohibicións a antorcha lúdica do Antroido".*


Cafetería
Happy Days
Alvaro Cunqueiro, 30
Teléfono 14 01 00
FOZ (Lugo)
ó lado do Concello




## ANO 1982

***Xosé Manuel López Iglesias*** - Chichás, para os seus amigos-, ***Manuel García Moreda (O Bolico), Teodoro Moreda (Teodorito), Antonio Eijo (Gasolina), Jaime López Beltrán (Jaime de Carallán), Francisco Luis Fernández (Culís), e José García Rivera (Pepe Rivera)***, constitúen a 1ª Comisión organizadora do antroido focego, colleitando o seu primeiro desfile de carrozas e comparsas un grande éxito. Co decorrer dos anos, o noso antroido medra en celebridade e en participación popular.

A programación das Festas do Antroido 82 contiña os seguintes actos:

***Día 20 (de Febrero)***

A las 5 de la tarde, desde los Jardines Conde de Fontao:

***I GRAN DESFILE DE CARNAVAL***

*Majorettes "Perlas del Río" (50 chicas en desfile)*
*Grupo de Tambores y Cornetas "Boinas Azules"*
*Gigantes y Cabezudos*
*Grupo de Gaitas "Brisa do Landro"*

**150.000 ptas en PREMIOS:**

| | | |
|---|---|---|
| 1.º premio | Carrozas: | 50.000 pts. y Placa Excmo. Ayt° de Foz |
| 2.º | " " | 30.000 pts. |
| 3º | " " | 20.000 pts. |
| Mejor Comparsa | | 10.000 pts. |

Y varios premios de 5.000 Pts, a los mejores grupos, parejas e individuales.

A las 11 de la noche, en la Sala 'BAHIA"

***GRAN BAILE DE DISFRACES***

*amenizado por el conjunto Internacional Los Píndaros*

***Día 23:***

A las 5 de la tarde, en la Sala "BAHIA"

***BAILE INFANTIL DE DISFRACES***


Mesón - Restaurante
ESPECIALIDAD EN CHURRASCO
As Brasas
Rúa Illanova, 19
Teléfono (982) 14 03 81 - 27780 FOZ (Lugo)

A las 10 de la noche, en la misma Sala: Gran Baile de Disfraces - Baile del Farolillo amenizados por la Orquesta Dimensión 2.000

***Del día 10 al 20, en la Sala "O Feitizo"***
***1.ª Exposición de fotografías del Carnaval***

Neste mesmo folleto incluíanse unha serie de cancións do Antroido:

*Estribillo:*
*"Carnaval, Carnaval,*
*Dios del amor*
*Reinado del amor*
*y del alcohol.*

*Quién no convida a beber*
*para olvidar*
*y besar a nuestras nenas*
*si van a llorar.*

*(Al estrebillo)*
*Cuando tengo pena lloro*
*y así anda mi mal*
*paso la vida de broma*
*el año por el Carnaval"*
*(Al estribillo)*

•••••••••••••••••

*"Folear, folear, festeixar*
*vide mociñas a bailar*
*chascarrean as castañolas*
*o fol da gaitiña soar.*

*Estribillo:*
*O Antroido chegou*
*vámolo pasar ben*
*este día de troula*
*que trouxo tamén.*

*E comer as filloas*
*despois convidar*
*e bailar coas mociñas*
*do noso lugar.*

*Folear, folear, festeixar*
*vide mociñas a bailar*
*chascarreando as castañolas*
*o fol da gaitiña soar.*
*(Al estribillo)*

*Pra comer e beber*
*e despois ir bailar*
*unha muiñeiriña*
*ó noso lugar".*

CONFITERIA - PASTELERIA
ANDURIÑA
Recogemos todo tipo de Encargos
Pastelería en General
Empanadas - Tartas de Boda
ESPECIALIDAD EN TARTAS "DISNEY"
Estamos a su disposición en:
Rúa Noriega Varela, 8 - FOZ - Tel. 13 25 54



*"El Carnaval s e ha muerto*
*lo vamos a enterrar*
*echarle poca tierra*
*que vuelva a resucitar".*

Según unha nota de prensa de ***"El Progreso"*** daquelas datas, o primeiro premio do desfile foi para a carroza ***"Los Romanos"*** do grupo ***OS LARPEIROS***, que presentaba unha gran bacanal romana; e o segundo premio para a carroza ***"Galicia"*** (da que o artífice principal foi ***CHICHITA***) que representaba ás catro provincias galegas: A Coruña, cos seus xurelos, Lugo, cos seus nabos; Ourense, co seu afiador; e Pontevedra, cos seus canteiros. Sendo o terceiro premio para **"Madame Clod"**, co seu burdel no que aparecían fermosas "señoritas" e o "señorito". En canto a parellas, o primeiro premio recaíu en ***"Olivia y Popeye"***.

Os folletos do Antroido están impresos en cor azul a tamaño folio e dobrados pola metade, neles non aparece o anagrama tradicional do "monigote" que hoxe xa é o oficial do Antroido de Foz (pintado en cor negro e vermello). Estes folletos están patrocinados polo restaurante ***O Lar***.

CONSTRUCCIONES METÁLICAS
MAREI COSTA, S.L.
PUERTAS - CIERRES Y ESTRUCTURAS
Avda. Pepe Leitón, s/n. - FOZ (Lugo)
Teléfono 14 04 01 - Móviles 989 - 55 06 40 / 989 - 55 05 51

## ANO 1983

Segue o Antroido dirixido pola mesma Comisión fundadora, o que se refrexa no programa das festas do Antroido:



***Sábado día 12 (de Febrero):***

A las 10 de la mañana PASACALLES a cargo del Grupo de Gaitas **"OS DE SEMPRE"**, acompañados por los *GIGANTES Y CABEZUDOS.*

A las 5 de la tarde, desde los Jardines Conde de Fontao:

***II GRAN DESFILE DE CARNAVAL***

*Majorettes "Perlas del Río (50 chicas en desfile)*
*Grupo de Tambores y Cornetas "Boinas Azules"*
*Grupo de Gaitas "Os de Sempre"*

***200.000 ptas en PREMIOS***

A las Carrozas, Grupos y Comparsas:

1º Premio: 50.000 Pts. y Placa Exc. Aytº de Foz
2º Premio: 30.000 Pts.
3.º Premio: 20.000 Pts.
4º Premio: 15.000 Pts.
5º Premio: 12.000 Pts.
6º premio: 10.000 Pts.

Y muchos premios más de 5,000 Pts. al Ingenio, al Sacrificio, al mejor disfraz, etc.

A las 11 de la noche, en la Sala "BAHIA" ***GRAN BAILE DE DISFRACES***

***Domingo, día 13:***

A partir de las 5 de la tarde, en la Sala 'BAHIA" ***BAILE CONCURSO DE DISFRACES***

PIROTECNIA
DEVITA
FUEGOS ARTIFICIALES, COHETES, TRACAS, ETC...
ESPECIALIDAD EN:
CARCASAS, FUEGOS AÉREOS Y ACUÁTICOS
Teléfono Fábrica: (98) 585 64 55 - Particular: (98) 585 62 64 - Móvil: (908) 77 10 32 - HUERRES - COLUNGA (Asturias)



***Lunes día 14:***

A partir de las 10 de la noche, en la Sala Bahía:

***GRAN BAILE DE LA ESCOBA***



***Día 15***

*(Martes de Carnaval)*

***FESTIVAL DE CARNAVAL***

A partir de las 5 de la tarde, en la Sala Bahía ***BAILE INFANTIL DE DISFRACES.***

A las 10,30 de la noche, en la Sala Bahía Gran Baile de Disfraces y Baile del Farolillo.

***Miércoles día 16***

Gran procesión "DO ANTROIDO", desde el Polideportivo, recorrido por las calles de la Villa, hasta la Plaza Conde de Fontao, donde se quemará O ANTROIDO. Se ruega a las personas que participen en el desfile se vistan de capa y sombrero llevando además una vela encendida.

Todos los BAILES DE CARNAVAL, estarán amenizados por la gran ***Orquesta "ALBORADA"***

Estes folletos foron patrocinados por ***Recreativos Bouso*** cando tamén rexentaba o ***restaurante O Pote.***

Por suposto hai que lembrar unha das maiores nevadas caídas en Foz. A pesar do frío que facía os antroideiros non deixaron de festexalo e como ben dixo o ***Yoyo*** "a carne conxelada aguanta moito máis".

TOLDOS
Jocar, S.L.
ALQUILER DE CARPAS
FABRICACION DE TOLDOS EN GENERAL
ESPECIALIDAD:
Terrazas
Fachadas
Carpas
Lonas para camiones
Carpas con suelos de madera.
Teléfono (982) 14 18 02 - Ctra. General - Forxán - FOZ (Lugo)

## ANO 1984

***Jose Manuel López Iglesias*** segue ó frente da comisión axudado polos compañeiros fundadores do Antroido organizado en Foz.




O folleto correspondente a este ano refrexaba o seguinte programa:

***Sábado día 3 (de Marzo)***
Ás 10 da mañá, *"O FOGONAZO"*, seguido dun Pasacalles a cargo do Grupo de Gaitas *"OS DE SEMPRE"*, en compaña dos *XIGANTES e CABEZUDOS.*

Ás 5 da tarde desde os Xardíns Conde de Fontao:

***III GRAN DESFILE DO "CARNAVAL"***
*Majorettes "Perlas del Río" (50 chicas en desfile)*
*Grupo de Tambores e Cornetas "Boinas Azules"*
*Grupo de Gaitas "Os de Sempre"*

PREMIOS ás millores Carrozas, Grupos e Comparsas:
1º Premio: 50.000 Pts. e placa
2º Premio: 30.000 Pts.
3º Premio: 20.000 Pts.
4º premio: 15.000 Pts
5º Premio: 12.000 Pts.
6º Premio: 10.000 Pts.
E moitos premios máis de 5.000 Pts., ó Inxenio, ó Sacrificio, ó millor Difraz, etc.

Ás 11 da noite, na Sala Bahía *GRAN BAILE DE DISFRACES*

**Exclusivas E. Villares, S.L.**
Distribuidor oficial:
SINGER - PFFAF - TREVIL - COATS
SERVICIO Y REPUESTOS PARA TODAS LAS MARCAS Y MODELOS
C/. Cuba, 24 - VIGO
Teléfono 48 25 98 / Fax 42 34 22



***Lúns día 5:***
A partir das 10 da noite, na Sala Bahía *GRAN BAILE DA ESCOBA e CONCURSO DE DISFRACES*

***Día 6***
*(Martes do Carnaval):*
***FESTIVAL DO ANTROIDO***
A partir das 5 da tarde, na sala Bahía *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*
Ás 10,30 da noite, na Sala Bahía Baile de Disfraces e do Farolillo

***Mércores día 16:***
***"QUEIMA DO ANTROIDO"***
Gran procesión, foguetes artificiales, banda, gaiteiros, viño e lume...
Tódolos Bailes do Carnaval estarán amenizados pola *Gran orquesta "ALBORADA"*

Nestes folletos aparecían cancións do Antroido como:

*"Nacido de boa raza*
*fun RUFINO bautizado*
*e veño ó Antroido de Foz*
*como artista invitado.*

*O meu destino de porco*
*é pasar po lo coitelo*
*pero morrerei feliz*
*por que puiden coñecervos.*

*Quen me leve pra súa casa*
*catará o millor chourizo*
*e saberá que o xamón*
*é o millor dos mariscos.*

*Brincarei se é que brincades*
*bailarei cando bailedes*
*na vosa barriga en festa*
*irei onde me levedes.*

*Como deixo descendencia*
*o próximo ano haberá*
*outro Rufino no Antroido*
*que en Foz non pode faltar.*

*ESTRIBILLO:*
*Leven señores, leven pra casa*
*o millor porco que hai no corral.*
*Terán chourizos, xamón e grasa*
*terán ledicia no seu xantar."*

Este ano é a primeira vez que se tira ***"O FOGONAZO"*** ás 10 da mañá, e tamén é a primeira vez en que os folletos co programa das festas están escritos en língua galega. De novo, ***Recreativos Bouso*** e o ***Restaurante O Pote*** son os patrocinadores dos folletos.
Deste ano tan só dispoñemos do folleto coa programación dos actos do Antroido 85:


Pirotécnia
REIRIZ
Salave . Tapia de Casariego
Teléfono 989 391 947 / 985 97 98 86
PRINCIPADO DE ASTURIAS

## ANO 1985

**_Sábado día 16:_**

Ás 10 da mañá, *"O FOGONAZO"*, seguido dun Pasacalles a cargo do Grupo de Gaitas, en compaña dos *XIGANTES e CABEZUDOS.*

Ás 4,30 da tarde desde os Xardís Conde de Fontao:

**_IV GRAN DESFILE DO "CARNAVAL"_**

*Majorettes "Perlas del Río" (50 chicas en desfile)*

*Grupo de Tambores e Cornetas "BOINAS AZULES" Grupo ESMORGA de Viveiro*

PREMIOS ás millores Carrozas, Grupos e Comparsas:

1º premio: 50.000 Pts. e placa
2º premio: 30.000 Pts.
3º premio: 20.000 Pts.
4º premio: 15.000 Pts.
5º premio: 12.000 Pts.
6º premio: 10.000 Pts.

E moitos premios máis de 5.000 Pts., ó Inxenio, ó Sacrificio, ó millor Disfraz, etc.

Ás 11 da noite, na Sala Bahía: *GRAN BAILE DE DISFRACES. Orquesta CENIZA co seu gran cantante Chingla.*

**_Domingo día 17:_**

A partir das 8 da tarde, na pista Bahía *GRAN BAILE GRATIS* en atención ó pobo de Foz pola sua estimada colaboración.

*Orquesta BELLAS FARTO de Ferrol - CONCURSO DE DISFRACES*

**_Luns día 18:_**

A partir das 10 da noite, na pista Bahía *GRAN BAILE DA ESCOBA e CONCURSO DE DISFRACES*

**_Día 19_**

*(Martes do Carnaval):*

**_FESTIVAL DO ANTROIDO_**

A partir das 5 da tarde, na pista Bahía *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*

MONTAJES ELECTRICOS
J T
JESTEI, S.L.
Instalaciones. Montajes y Reparaciones, Centros de Transformación, Líneas de A.T. y M.T., Empresa mantenedora de A.T.
Teléfono y Fax: (982) 13 70 83 - Tel. (982) 13 70 15
27788 VILLARONTE - FOZ (Lugo)



Ás 10,30 da noite, na pista Bahía Gran Baile de Disfraces e Baile do Farolillo

*Orquesta NUEVA GALICIA de Pontevedra*

**_Mércores día 20:_**

**_"QUEIMA DO ANTROIDO"_**

*GRAN PROCESIÓN, FOGUETES ARTIFICIALES, BANDA, GAITEIROS, VIÑO E LUME...*

Nestes folletos, ademais do programa, incluíase un texto titulado:

**_"Acontecimientos infaustos de la Flota de Marzán"_**

*Desde Madrid se reciben, llamadas de condolencia*
*por las pérdidas sufridas, en la flota ballenera.*

*En el puerto de Marzán, punta de José Becerra,*
*esperando la Bonanza, que amainara la Galerna,*
*se perdieron tres paquetes, de matrícula extranjera.*

*Varios cientos de familias quedaron en la miseria,*
*pero el mar enfurecido, no respetó la pobreza.*

*El Capitán D. Perico, un Sr. de raza griega*
*habló con el tribunal, que instruyó las diligencias,*
*se recibieron noticias, y al parecer son muy buenas*
*para hacer la reclamación, por las referidas pérdidas.*

*El ANGELES fué el primero, en zozobrar de cabeza*
*cruzó las islas Lobás, por el canal de la izquierda*
*y un fuerte golpe de mar, le desfondó la bodega.*

*Gracias al buen capitán, que no abandonó la rueda*
*echó el ancla de capa, con cables a las Galeras,*
*tiró luces de Bengala, que se vieron desde tierra*
*indicando la penuria... La cosa ha sido muy negra.*

*Los agentes de seguros, que suelen ser buenas piezas*
*formaron una reunión, para dictar la sentencia,*
*Y Un Sr. de barba blanca, nacido en tierra gallega*
*cuándo le tocó su turno, dijo de esta manera:*

*"O dar barcos a algún homme,*
*é como quen pon patacas, e non as tapa con terra".*

*MR/BONI*

O patrocinio dos folletos correu a cargo de **_Recreativos Bouso_**.

PROMOCIONES INMOBILIARIAS
ABSIDE
Alvaro Cunqueiro, 16
Tels. 13 22 48 - 14 09 00 / Móvil 907 92 51 93
FOZ

## ANO 1986

Temos ante nós, un cartel de parede e un recorte de prensa que nos dín: "***Concha Pinto*** será coroada como Raiña do Antroido de Foz. Os actos terán lugar no ***restaurante Leytón*** o día 1 de Febreiro coa actuación do grupo ***Tercera Calle***" e según a nota de prensa: "Las invitaciones podrán recogerse en el ***restaurante Leytón*** y en los bares ***O Carro, Cotarelo*** y ***O Lar***". Concha Pinto (según esta nota xornalística) é coroada Raiña por quinto ano consecutivo.



A programación das Festas do Antroido de 1986 foi a seguinte:

***SABADO 8 de Febreiro:***

Ás 10 da mañá: *"O FOGONAZO"* seguido dun pasacalles a cargo dun grupo de gaitas, e *XIGANTES e CABEZUDOS*.

A unha da tarde: *CONCERTO*, pola Banda de Música, no Campo da Cabana.


Hombre
LONGARELA
Mujer
MODA
Avda. da Mariña, 29 - Tel. & Fax 982 14 01 34 FOZ




Ás 4 da tarde, desde os xardis Conde de Fontao:

***"V GRAN DESFILE DO "CARNAVAL"***

*Majorettes "Perlas del Río" (50 chicas en desfile)*

*Grupo de Tambores y Cornetas "Boinas Azules"*

*Grupo de Gaitas*

PREMIOS ás millores Carrozas, Grupos e Comparsas:

1º Premio: 50.000 Pts. e placa

2º Premio: 30.000 Pts.

3º Premio: 20.000 Pts.

4º Premio: 15.000 Pts.

5º Premio: 12.000 Pts.

6º Premio: 10.000 Pts.

E moitos premios máis de 5.000 Pts., ó Inxenio, ó Sacrificio, ó millor disfraz, etc.




CAFETERIA
DALLAS
Avda. da Mariña
27780 FOZ - Lugo
Teléfono 982 13 22 26

Ás 11 da noite, na pista Bahía *GRAN BAILE DE DISFRACES* amenizado pola Orquesta *ALBORADA*, de Ourense.



***DOMINGO 9 de Febreiro:***

A partir das 10 da noite, na pista Bahía "GRAN BAILE". *Orquesta ALBORADA, de Ourense. CONCURSO DE DISFRACES*

***LUNS 10 de Febreiro***

A partir das 10 da noite, na pista Bahía *GRAN BAILE DA ESCOBA*
*Orquesta BELLAS FARTO do Ferrol*



***Día 11***
*MARTES DE CARNAVAL*
***FESTIVAL DO ANTROIDO***

A partir das cinco da tarde, na pista Bahía *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*

Ás 10,30 da noite, na sala Bahía Baile de Disfraces e Baile do Farolillo. *Orquesta CENIZA*, con su cantante Chingla

***Mércores día 12:***
***"QUEIMA DO ANTROIDO"***

Gran procesión, foguetes, banda, gaiteiros, viño e lume...

Ós folletos foron patrocinados polo ***Banco Pastor.***

CAIXA GALICIA
Avda. da Mariña, 1
Tfnos. (982) 14 01 87 - 14 08 80
FOZ (Lugo)



## ANO 1987



Despois de remexer en cantos lugares poidemos e preguntar a amigos, non poidemos atopar ningún dato que nos falase do Antroido deste ano.

Podemos pensar que o programa puido ser pouco máis ou menos coma o do ano anterior por estar organizado pola mesma Comisión, xa que sempre se seguiu a norma de que ainda que o entroido evolucione, debe facelo progresivamente.

Compre sinalar que este ano dimite a ***Comisión Fundadora.*** Pensamos que a dimisión da Comisión merece unha mención especial pois coidamos que cando eles decidiron organizar un Antroido para Foz, non se lles pasaba pola imaxinación que tal coloso de diversión tivese tanta aceptación para atraer a xentes de tantos e tantos lugares como arribaron en todos estes anos durante o Antroido. Viñeron de lugares cercanos como Navia, Mieres, Tapia, Castropol, Vegadeo (Asturias), e doutros máis lonxanos como Madrid, Barcelona, Ferrol, A Coruña, Lugo (capital), e ata incluso podemos decir que tódolos anos veu a desfilar ó Antroido o focego afincado en Madrid ***Agustín Fernández*** (célebre persoaxe por participar no ***Rally Paris-Dakkar).***



Por iso, vaia para esta gran Comisión a nosa máis cordial felicitación por crear para Foz algo que a todos nos enche de orgullo e satisfacción; aínda que ó Presidente algún ano ***"Os Conguitos"*** o quixeron "cocer" na súa enorme perola o día do desfile.

CONTRATACION DE ORQUESTAS - GRUPOS Y ESPECTACULOS
AGENCIA MUSICAL
Chichita
Tfnos. 10 06 67 (Ribadeo)
14 06 45 (Foz)
Móvil 908 - 28 81 26

ATRACCIONES - PARQUES INFANTILES - TREN TURISTICO
PROMOCIONES ARTISTICAS
PICCO
SEVERINO COCIÑA, 1 • Tel. (982) 57 42 28 • 27770 FERREIRA O VALADOURO (LUGO)

## ANO 1988

***José Luis Teijeiro Alonso*** (Lis), Delegado de Cultura do Concello de Foz, asume a organización do Antroido.

Este ano, e por primeira vez, xorden algúns cambios na organización: o primeiro cambio é do percorrido que non se fará coma os demais anos, si sairá dende o peirao e subirá pola Avda. Valle-Inclán, Avda. Da Mariña, pero xa non baixa polas Casas Baratas se non que prosegue de frente pola Rúa de Cervantes collendo pola Rúa Mestre Lugilde ata Rúa das Corporacións, baixando pola a Avda. de Sarria ata a Urbanización "As Torres", dando a volta no interior de dita urbanización, continuando polo Rego de Foz, A Rapadoira, paseo de Colón, Trapero Pardo, casa do Mar e ata o peirao. O Percorrido resulta tan longo que gran número de concursantes abandónano pola metade totalmente esgotados.

O segundo cambio é que os bailes non se fixeron na Pista Bahía senon que son trasladados ó ***Pavillón Polideportivo de Marzán***, poñendo a ***Delegación de Cultura*** autocares gratuitos para desprazarse ó lugar.

Neste ano o humor de toda A Mariña recibe un duro golpe debido a que os cidadáns temen pola vida económica dunhas dúas mil familias, temor motivado polo embarrancamento do ***"CASON"***: algún político descerebrado decidiu enviar para a factoría de ***Alúmina-Aluminio*** de San Cibrao uns famosos bidóns supostamente contaminantes procedentes do embarrancado barco ***"CASON"***. Dita factoría sofre como consecuencia das protestas dos empregados unha parálise na súa actividade de preto do cen por cen. A parodia popular no Antroido non se deixou esperar e ***OS LARPEIROS*** bríndannos esta copla:

*"Fué por el mes de diciembre*
*cuando ocurrió la tragedia*
*de un barco con mercancía*
*que acabo en tragicomedia.*

*Y el Gran jefe de A Coruña*
*por una cuestión de partido*
*le mete un gol "al de Lugo"*
*con el portero batido...*

*Te mando, ahí "Compañero"*
*esos pocos de bidones*
*ya te lo pondré en cuenta*
*en próximas elecciones...*

*Entonces cundió la alarma,*
*entre bulos y verdades*
*nadie se pone de acuerdo*
*ni entre las autoridades.*

*Y el jefe muy contento*
*dice que se vuelva la gente*
*que la carga peligrosa*
*la endosó a un inocente...*

*Esa noche el "Compañero"*
*siniestros planes tramó*
*premeditando un plan nuevo*
*a la Costa los mandó".*


Moda
Mujer - Hombre
Vaqueros
Chico - Chica
Avda. da Mariña, 16 - Telf. 14 02 18
Avda. da Mariña, 27 - Telf. 14 02 01
FOZ
Ginzo
HOMBRE - MUJER
Burberrys
Lacoste
Levi's
Pepe Jeans
Chipie
Naf - Naf
Caramelo
Florentino
Pilar San Juan
Polo Ralph - Lauren
Zone
Swedter House
Modital
Dockers
Pedro Novo
Alba Conde




Na segunda parte desta extensa copla abórdase o conflicto que xurdíu na ***Alúmina*** a raíz do ***"Casón"***:

*"Entonces de mutuo acuerdo*
*Comité y Dirección*
*prepararon a los obreros*
*para una evacuación...*

*Y a todas estas las cubas*
*funcionando normalmente*
*pues sólo serán unas horas*
*las que va faltar la gente...*

*Se dispuso el cargamento*
*y los obreros se van*
*y al acabar la faena*
*ya no les dejan entrar".*

A ***Coordinadora*** e o ***ministro Solchaga*** tamén foron blanco da ironía de ***"Os Larpeiros"*** nas últimas estrofas da copla:

*"Hubo también por el medio*
*una tal "Coondenadora"*
*publicidad quieren ellos*
*por mi parte: ¡No, Señora!.*

*Y de noche por la Tele*
*un tío que de sol nada*
*apuntilló al muerto toro*
*sin quitarle ni la espada.*

*Ni en dictadura ni guerra*
*pasaba esto, señores.*
*Sólo le faltó decir al principio:*
*"Españoles".*

*Ahora se hacen mociones*
*debates y reuniones*
*pero la cuerda está rota*
*por sitio flojo, señores".*




Banesto
EXTRA Hipoteca
HAREMOS REALIDAD LA CASA DE SUS SUEÑOS
Avda. da Mariña, 15
Telf. (982) 14 03 34
Fax 13 28 72
FOZ (Lugo)

## ANO 1989

Logo deste "lapsus", ó ano seguinte, o poder oficial dalle de novo carta branca á participación veciñal, creándose un grupo de traballo duns corenta veciños encargados das actividades preparatorias do Antroido. Así, en 1989, dos 40 que eran nun principio só quedan 6 que constituen unha nova Comisión presidida por ***Emiliano Gómez López (Emiliano da Xacoba)***, que é axudado na súa tarefa por ***Manuel Méndez (O Chinchón)***, ***Ramón Peláez (Zamora)***, ***Jesús Beltrán (Suso Fiallega)***, ***Jesús Fernández Castiñeira (Suso Castiñeira)*** e ***Alfonso Rodríguez Eiras (O Chícaro)***.



Este ano, a Comisión presidida por ***Emiliano da Xacoba*** ten un déficit de 400.000 Pts, que será saldado polo propio emiliano que aboa eses cartos con diñeiro da súa propia conta bancaria, pero que lle son totalmente restituidos ó ano seguinte, 1990.

A programación deste ano foi a seguinte:

***Sábado 4 de febreiro:***

As 10 da mañá, *"O FOGONAZO"*.


INSTALACIONES FeR, S.L.
FONTANERÍA - CALEFACCIÓN - GAS
Rúa da Cabra, 2 - Bajo D - Teléfono / Fax (982) 13 21 62 - 27780 FOZ (Lugo)




As 4 da tarde dende a Rambla do Conde de Fontao VIII Gran desfile do antroido - Grupo de Gaitas e charangas. Máis de 300.000 ptas. en premios

***CARROZAS:***
1º premio: 50.000 pts. e placa
2º premio: 20.000 pts.
3º premio: 15.000 ptas.

***GRUPOS:***
4º premio: 13.000 pts.
5º premio: 12.000 pts.
6º premio: 11.000 pts

***COMPARSAS:***
7º premio: 10.000 pts
8º premio: 10.000 pts
9º premio: 9.000 pts.

***PARELLAS:***
10º premio: 15.000 pts

***INDIVIDUAIS:***
11º premio: 5.000 pts.
12º premio: 5.000 pts
e moitos premios máis de 5.000 Pts, ó Inxenio, ó Sacrificio, ó millor Disfraz, etc.

Ás 11 da noite, na Pista Bahía *GRAN BAILE DE DISFRACES*

***Domingo, 5 de febreiro:***

Ás 4 da tadre, na pista Bahía *BAILE INFANTIL*

A partir das 10 da noite, na Pista Bahía *GRAN BAILE DE DISFRACES*

***Luns, 6 de febreiro:***

A partir das 10 d a noite, na pista Bahía *GRAN BAILE TRADICIONAL DO ANTROIDO*

***Martes do antroido, 7 de febreiro***
***FESTIVAL DO ANTROIDO***

A partir das 5 da tarde,na pista Bahía *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*
Ás 10,30 da noite, na pista Bahía *BAILE DE DISFRACES E BAILE DO FAROLILLO*

***Sábado, 11 de febreiro***
***QUEIMA DO ANTROIDO***

Gran procesión, foguetes, Banda , Gaiteiros, viño e lume... e a continuación *GRAN BAILE* na PISTA BAHIA.

Tódolos bailes serán amenizados polas orquestas *CENIZA* co súa cantante ***Chingla*** e *AUGA-DOCE*


ASESORIA
RAIMAR, S.L.
ASESORIA CONTABLE FISCAL
ORGANIZACION DE EMPRESAS
AXENCIA DE SEGUROS XERAIS
Avda. da Mariña, 23 - 1.º A
Teléfono (982) 13 20 96 / Fax (982) 13 24 30 - FOZ (Lugo)

ADMINISTRACION DE FINCAS
COMUNIDADES
SERVICIOS INMOBILIARIOS
AGENCIA BANCO SANTANDER
Avda. Alvaro Cunqueiro, 1 Entlo.
Teléfono 13 28 89 - 27780 FOZ (Lugo)

Os folletos deste ano, patrocinados por ***Auto-Escuela Mundial***, contiñan unhas estrofas escritas por ***Manuel María.***

**"Canción do Troveiro"**

*¡Antigo Muelle Pesqueiro!*
*¡Xardíns conde de Fontao!*
*¡Meu esprito mariñeiro;*
*meu corazón mariñao!*

*¡Ouh, vella rúa do Mar;*
*rúa Salgado Toimil:*
*habedesme ollar pasar*
*nos amaneceres de abril!*

*¡Praia lonxana de Llás!*
*¡Fachendoso Alto da Grela!*
*¡Díxenvos miñas soidás!*
*¡Sabedes xa a miña arela!*

*¡Ouh, Pena da Rapadoira*
*que estás na boca da ría!*
*¡O vento do norte agoira*
*tempestás na pantasía!.*

Así como unha poesía adicada a Foz e escrita polo ***Maestro Chesma***:

*Estribillo:*
*Canta Focense*
*que la vida te enseña a cantar,*
*tus abuelos,*
*en los barquichuelos,*
*cuando iban a pescar.*

*Es nuestra ría de Foz*
*una bellza sin par,*
*con sus rasgos de esmeralda*
*cuando está en pleamar*
*cuando la agitada luna*
*en sus olas resplandece,*
*el zafiro de los cielos*
*se rasga cuando amanece.*

*(Estribillo)*
*El sol aparece en rayos*
*entre colinas de tul,*
*canta dulces melodías*
*abrazándose en el mar,*
*himnos de eterna alabanza*
*a nuestra villa inmortal.*
*(Estribillo)*




J. Naray s.l.
EMPRESA CONSTRUCTORA
Ctra. General, s/n. - Tel. y Fax 13 26 97 - 27789 FORXÁN - FOZ (Lugo)




## ANO 1990

Neste ano, e para dar cumprimento á lexislación que regulamenta no noso Concello o asociacionismo e a participación veciñal, formalizase unha nova comisión organizadora que conta xa cunha precisa distribución de cargos: segue a estar presidida por ***Emiliano da Xacoba***; o Secretario é ***José Ramón Veiga (Pepe do Bar Avenida)***; de Tesoureiro exerce ***Suso Fiallega; Xesús Basanta M.*** (Xesús do Breogán) ocúpase das relacións públicas e da publicidade; e como vocais funcionan ***Suso Fernández Castiñeira, Zamora, Carlos Solveira (Papagaio), O Chichón, Atilano Fernández (Tilano), Ricardo García (Richard) e O Chícaro.***



A comisión decide nomear unha raíña do Antroido para cada ano, pois dende a súa creación a Raíña do Antroido era ***Concha Pinto***, dona de feito rebuldeiro, para quen unha onza de alegría vale máis ca unha fanega de melancolía. ***Concha Pinto*** deixa o seu cargo e é elexida como primeira raíña oficial ***Verónica Soto Piñeiroa***, rapaza estudiante de 19 anos de idade.

Durante todo o ano anterior a Comisión traballa arreo co fin de recadar fondos, non só para unha boa organización dos vindeiros Carnavais, senón tamén para saldar a débeda das 400.000 Pts. co seu propio Presidente. Entre outras cousas a Comisión organiza uns bailes de verán na Pista Bahía para o que os propios membros da Comisión preparan a pista ó aire libre, que por certo, non lle parece moi ben a algún empresario local e denuncia á Comisión por competencia desleal, denuncia que ó final se quedou nun susto.



Aproveitando eses bailes de verán, xusto o 10 de Agosto día de ***San Lourenzo*** (patrón de Foz), é coroada Raíña do Antroido ***Verónica Soto Piñeiroa*** e nomeada Fada Madriña do Antroido con carácter permanente ***Concha Pinto***, á que se lle da unha placa e un diploma conmemorativo e atribucións para que ela elixa sempre o lugar que máis lle guste do desfile e en caso de que a Raíña non poida asistir a algún acto por forza maior, esta será sustituída pola Fada Madriña.

Os bailes de Antroido volven celebrarse no lugar de sempre, a ***Pista Bahía***, e o percorrido do


COMA FRUTA, ES SANA
NARANJAS
Frutas MORRIÑA S.L.
SORAYA
ALMACÉN DE FRUTAS, VERDURAS Y HORTALIZAS
C/. Cervantes, 31 - FOZ - Tel. 13 24 20 / 13 28 02 - Fax 13 24 20 - Móvil 929 40 92 47

desfile volve a se-lo tradicional. O éxito é total e a Comisión ten un amplo superávit, aboando non só as 400.000 Pts de débeda senón que aínda quedan unhas 500.000 Pts a maiores.



Hai que destacar un feito curioso no desfile deste ano: a creación inesperada do ***Premio ó DESASTRE***. A historia vén dun farto de rapaces e rapazas de Mondoñedo, que construíran unha piragua de 40 metros de longo. Eles eran tamén 40 rapaces polo que tocaba a metro de piragua por persoa; nela ían os rapaces disfrazados de distintas persoas da vida social: un médico, unha monxa, un garda civil, etc. A piragua carecía de fondo, para poder sacar as pernas, e ía suxeita a eles por uns tirantes, para que non caese. Co fin de facilita-las manobras na parte vella de Foz, por se-las rúas en curva estreita, a piragua ía provista dunha bisagra, pero a falta de coordinación entre os ocupantes fai que a piragua rompa. Tanto o xurado como a Comisión valoran o traballo e a idea dos rapaces deciden premialos, nun principio fálase de convidalos a unhas cervexas, pero por non andar a busca de todos eles, acórdase darlles 5.000 Pts para que as tomen onde a eles lles pareza. É así como, a raíz deste desastre da piragua, xorde o chamado ***Premio ó DESASTRE.*** Este premio trae unha curiosa repercusión no ano 1993, no que se ve involucrada a ***Televisión de Galicia (TVG)***, anécdota que se conta no apartado dedicado ó devandito ano 1993.



Foi 1990 un ano no que no mes de febreiro houbo un frío impresionante, a pesar do cal a ***comparsa "PERNAS DO CENTIÑO"***, que así se bautizou cando os seus compoñentes se disfrazaran de "Majorettes" imitando ás auténticas ***"Perlas del Rio"*** (coa única diferencia de que elas eran "Perlas" e eles só "Pernas", e elas eran "Del Rio" ou Perlio de Ferrol e eles eran do río de Foz: ("Do Centiño"), decidiu disfrazarse de ***Tarzán (Modesto López), chita "Cachita"*** (ou ***KX*** para os amigos) e ***Boy*** (que era o famoso ***"Jamones"***). Este grupo levou a cabo a seguinte representación no peirao:

*"**Boy** viña nunha lancha ata o peirao en compaña dunhos exploradores que capturaran un enorme gorila e debido ós movementos do animal a lancha bandeábase, polo que **Boy** cae ó mar. O pánico apoderase deles ó ver como un enorme cocrodilo (de plástico e movido por nylons) quería deborar a Boy, pero Tarzán sen deixarse esperar tirase a salvar ó seu "fillo". A loita é tan encarnizada que a Tarzán cáelle o coitelo da man e afúndese na dársena, a pasear disto o cocrodilo "falece" coas destalladas de Tarzán".*

Neste ano nace o ***"TOUPORROUPOU"*** creado e organizado pola Asociación Cultural ***"A POMBA DO ARCO"***. O "Touporroupou" consistiu en deixar nos bares unhas urnas onde todos os que querían deixaban depositadas nelas ANÓNIMOS, a súa maioria en forma de poesía, que logo eran cantadas e lidas pola charanga do ***"Touporroutou"*** na Praza de Mondoñedo a onde se dirixían a maioría dos políticos, pois así sabían perfectamente as cousas que facían mal e polas que o pobo protestaba deste xeito anónimo.

Cómpre destaca-lo detalle simpático do Alcalde naquelas datas: ***Martín Beltrán***, que manifestou ó remate do acto de lectura dos ***ANÓNIMOS***: "¡Buf, pensei que ía ser peor!", xa que se da o caso de que o ano anterior o Sr. Alcalde ordenara asfaltar as rúas de Foz, e coa calor do verán e a enorme cantidade botada, o alquitrán derreteuse, e os coches máis que rodar parecía que navegaban polo asfalto; feito que motivou a frase lida no touporroutou:

*"Martín Beltrán*
*o rei do alquitrán."*

ou aquela outra que decía:

*"O artista da Corporación*
*o noso Alcalde Martín Beltrán*
*que nun ataque de lucidez*
*encheu a Foz de Alquitrán".*




GESTAGUA
LA GESTION DELEGADA A LOS
SERVICIOS PUBLICOS





Cerveceria-Internacional-Britania
foz
Tablas
Raciones
Cocina Alemana
C/. Rosalía de Castro, 5
Teléfono 13 28 00
FOZ

No 1990 o programa das festas do Antroido sería o seguinte:

***Sábado 24 de Febreiro:***

Ás 10 da mañá, *"O FOGONAZO"*

Ás 4 da tarde dende a Rambla do Conde de Fontao *IX GRAN DESFILE DO ANTROIDO*. Grupo de gaitas e charangas. Máis de 300.000 ptas. en premios.

| ***CARROZAS:*** | ***GRUPOS:*** | ***COMPARSAS:*** | ***PARELLAS:*** |
|---|---|---|---|
| 1º premio: 50.000 pts. e placa | 4º premio: 13.000 pts. | 7º premio: 10.000 pts | 10º premio: 15.000 pts |
| 2º premio: 20.000 pts. | 5º premio: 12.000 pts. | 8º premio: 10.000 pts | ***INDIVIDUAIS:*** |
| 3º premio: 15.000 ptas. | 6º premio: 11.000 pts | 9º premio: 9.000 pts. | 11º premio: 5.000 pts. |
| | | | 12º premio: 5.000 pts |

e moitos premios máis de 5.000 Pts, ó Inxenio, ó Sacrificio, ó millor Disfraz, etc.

Ás 11 da noite, na Pista Bahía *GRAN BAILE DE DISFRACES*

***Domingo, 25 de Febreiro***

Ás 4 da tarde, na Pista Bahía *FANTASTICO BAILE PARA NENOS*

A partir das 10 da noite, na Pista Bahía *POPULAR BAILE DE DISFRACES*

***Luns, 26 de Febreiro***

A partir das 10 da noite, na Pista Bahía *TRADICIONAL BAILE DO ANTROIDO* con fabulosos premio de 5.000 ptas, para os gañadores.

***Martes, 27 de Febreiro***

***FESTIVAL DO ANTROIDO***

A partir das 5 da tarde, na Pista Bahía *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*

As 7 da tarde na Praza de Mondoñedo *"O TOPORROUTOU"* (organiza "A Pomba do Arco").

A partir das 10,30 da noite *BAILE DO FAROLILLO*

***Sábado, 3 de Marzo***

***QUEIMA DO ANTROIDO***

Gran procesión, foguetes, Banda, Gaiteiros, viño e lume... e a continuación *BAILE DESPEDIDA* na Pista Bahía. Tódolos bailes serân amenizados polas orquestas *CENIZA* co seu cantante ***"Chingla"*** e o grupo *AUGADOCE*.

O patrocinio dos folletos correu a cargo da ***Auto-Escola Mundial*** e de ***Electricidade Núñez***; e os carteis de parede, a cargo da ***Pulpería A Maseira*** e a ***Pirotécnia Santiago García*** (de Mántaras-Tapia).

ACUARIO BAR
HAMBURGUESERÍA
PLATOS COMBINADOS
PIZZAS - RACIONES
Trapero Pardo, 4
Teléfono 14 18 95 - FOZ



## ANO 1991

Neste ano forman a Comisión: como presidente ***Emiliano da Xacoba***, como tesoureiro ***Pepe do Bar Avenida***, secretario ***Richard***, relacións públicas ***Xesús do Breogán*** e vocais ***Concha Pintos*** e ***Atilano Fernández Castiñeira***.



É elexida como Raíña do Antroido: ***Acela Verónica Castiñeira Otero***, estudiante de B.U.P. e de 18 anos de idade, que foi no desfile nun Mercedes descuberto.

A lei xa non permitiu face-los bailes na ***Pista Bahía***, tanto polo seu xa reducido espacio como pola súa antigüidade, aínda que o aparellador municipal afirmara que a pista era segura por mil anos máis, pero o "por si acaso" faino dubidar e non se dá licencia municipal para a celebración dos bailes na devandita pista.

Así, os bailes pasan a facerse por primeira vez no ***Pavillón Polideportivo do Campo da Cabana***, que por ser descuberto obriga á instalación dunha carpa que levou a maioría do presuposto da organización (unhas 425.000 Pts).

Este ano celebrouse o ***X Aniversario do Antroido***, pero a falla de presuposto motivou que a Comisión non puidera celebrar actos de grande relevancia, tan só o que se fixo foi traer orquestras con máis calidade do habitual. Tamén se aproveitou para homenaxear a ***Javier Alonso Navarro (Chingla)***, cantante da orquestra ***CENIZA*** de A Coruña, e fillo de Foz, que precisamente este ano deixaba o seu posto de vocalista nesa orquestra.



O 1991 foi un ano marcado pola desgracia: a madrugada do luns de Antroido uns rapaces de Foz tiveron un aparatoso accidente, morrendo dous deles. Neste apartado tráxico tamén cabe sinalar un conflicto bélico que retrae os ánimos da xente: a invasión iraquí de Kuwait ***(Guerra do Golfo Pérsico)***, xurdindo o temor dunha nova guerra a gran escala. Ante ó temor de posibles atentados por parte dos integristas islámicos alguhos Gobernos barallaron a posibilidade de prohibir o Antroido (a nivel nacional), pois a máscara podía ser unha fiel aliada para os posibles terroristas.

Estrofas publicadas no folleto de ***TOUPORROUTOU*** facían referencia, en plan irónico, á ***"Guerra do Golfo"*** que por aquel entón aconteceu:

RESTAURANTE
Xoiña
ESPECIALIDAD EN PAELLAS
Y ZARZUELAS DE PESCADO Y MARISCO
SALONES PARA BODAS Y BANQUETES
Teléfono (982) 14 09 44 - 27780 FOZ (Lugo)



**NON AS AVENTURAS MILITARES**
**SI AOS FESTEXOS POPULARES**

*"Conflictos bélicos, guerras santas, santas cruzadas, hostilidades rexidas, proclamades, ensalzadas por estúpidos códigos morales rexeitando, despreciando, refutando solucións pacíficas e razonables.*

*Israelíes, fillos de Sión, xudeos ¿a qué esperades?*
*Iraquíes, musulmáns, árabes ¿a qué agardades?*
*Norteamericáns, demócratas, occidentais ¿a qué agardades?*

*Se o progreso da humanidade rixese por actuacións tan similares.*
*Deixémonos xa de circunstancias por desgracia non tan escepcionais*
*é retomemos as nosas antergas festas tradicionais:*

*antroido, mascarada, comparsas, rexoubas, rebuldeiras, carnavales,*
*festas dionisiacas, lupercales, bacanales, saturnales..*
*viva a transgresión, a simulación, a subversión, a eclosión das festas populares.*
*Non ao xenocidio, ao infanticidio, ás matanzas en nome de puros ideais".*

• • • • • • • • • • • • • • • •

*"Se para a guerra do golfo*
*queredes unha solución*
*mandade soldadiños de cartón".*



A comisión elaborou o seguinte programa para o Antroido 91 (no que tódolos bailes celebráronse nunha carpa montada na Pista Polideportiva do Campo da Cabana):

**SABADO, 9 DE FEBREIRO**

Ás 10 da mañá "O FOGONAZO" Pasacalles coa Banda de Gaitas de Ares.

Ás 4 da tarde dende a Rambla do Conde de Fontao *X GRAN DESFILE DO ANTROIDO*
*CHARANGA "CRISTAL" de Ourense.*
*Máis de 500.000 ptas. en premios.*

PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES RIFER, S.L.
Tels. 14 09 02 - 14 18 66
Ofic. 14 03 00 / Fax 14 17 51
Mijail Gorbachov, 2
27780 FOZ (Lugo)
CONSTRUCCIONES rifer, sl
CONSTRUCCIONES RIFER, S.L.



*CARROZAS:*
1º premio: 70.000 ptas.
2º premio: 40.000 ptas.
3º premio: 30.000 ptas.
4º premio: 20.000 ptas.
*COMPARSAS:*
1º premio: 50.000 ptas.
2º premio: 30.000 ptas.
3º premio: 20.000 ptas.
4º premio: 10.000 ptas.
*GRUPOS:*
1º premio: 30.000 ptas.
2º premio: 15.000 ptas.
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 10.000 ptas.

*PARELLAS:*
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
3º premio: 10.000 ptas.
*INDIVIDUAIS:*
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
*INFANTIS:*
1º premio: 5.000 ptas.
2º premio: 5.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas.

e moitos premios máis de 5.000 Ptas., ó Inxenio, ó Sacrificio, ó millor Disfraz, etc.

Ás 11 da noite *GRAN BAILE DE DISFRACES* coas orquestras *CENIZA E PARIS DAKAR*

**DOMINGO, 10 DE FEBREIRO**

Ás 5 da tarde *BAILE INFANTIL* que se prolongará ata a noite coa orquesta *CENIZA*

**LUNS, 11 DE FEBREIRO**

A partir das 11 da noite tradicional *BAILE DO ANTROIDO* coa orquesta *CENIZA*

**MARTES, 12 DE FEBREIRO**
**FESTIVAL DO ANTROIDO**

A partir das 5 da tarde *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*

As 8 da tarde, na praza de Mondoñedo *"O TOPOURROUTOU"* e ás 11 da noite *BAILE DO FAROLIÑO* coas orquestas *CENIZA* e *PAO.*

**SABADO, 16 DE BEFREIRO**
**QUEIMA DO ANTROIDO**

Gran procesión, foguetes, luceciñas, viño e rosquiñas... e de seguido *BAILE DESPEDIDA* ás 11 da noite coa orquesta *CENIZA*

Os folletos coa programación do antroido foron patrocinados pola ***Auto-Escola Mundial***.

O finalizar o Antroido, prodúcese a demisión de tódolos compoñentes da Comisión agás ***Emiliano***, que quere formar unha nova comisión para 1992.

MRW
Más de 450 agencias en
Andorra, España, Gibraltar y Portugal
EN FOZ
Telf. 13 25 69
Gratuito 900 300 400

## ANO 1992



Fórmase unha nova Comisión que está integrada por ***Emiliano Gómez*** como presidente, ***Celia Núñez*** como tesoureira; ***Fernando Alonso*** como secretario; ***Concha Pintos***, ***Camilo Marful*** e ***Manuel Montenegro*** como vocais; e ***Xesús do Breogán*** que este ano colabora de novo como relacións públicas, se ben á marxe da comisión.

É nomeada Raíña do antroido ***Elena López Teijeiro***, estudiante de B.U.P. e de 16 anos de idade, e por primeira vez vai no desfile nunha fermosa carroza coa que lle obsequiou a ***Delegación de Cultura do Concello***, presidida por ***Xosé Carlos Paleo***. Tamén se realizaron uns folletos coa foto da Raíña, nos que se incluían unhas receitas de lambetadas típicas do antroido.

Son moitas as alusións carnavaleiras que se fan este ano dedicado ó ***V Centenario*** do descubrimento de América, de xeito que o gañador do primeiro premio de carrozas foi a réplica dunha das carabelas de Colón e que levaba por nome ***"Santa Mariña"***.

No que respeta a Queima do Antroido, que tivo lugar no peirao como en anos anteriores, foi o ano máis vistoso xa que se "queimaron" 200.000 Pts. en foguetes tanto acuáticos como aéreos.



Para evita-lo alto custo da carpa que anos anteriores montábase para celebra-los bailes, a Comisión decide traslada-la celebración destes ó ***Pavillón Municipal de Marzán*** que xa se atopaba totalmente pechado, pero tanto espacio fai que resulte igualmente frío e a concorrencia e mínima.


# HIPERMOVIL

RECAMBIOS Y ACCESORIOS

Camino Real, 49 - Tels. (982) 58 57 90 / 58 59 15 - 27880 BURELA (Lugo)




Cómpre suliñar que en Foz sempre se celebrou a ***Queima do Antroido*** para dar remate ás festas de Carnaval, en vez de facer como no resto dos lugares que se celebra o "enterro da Sardiña", pero a falta de concorrencia popular e debido ó seu elevado custo, deixouse de facer a partir de 1995.



A comisión organizadora confeccionou o seguinte programa para antroido 92 (no que tódolos bailes celebráronse no ***Pavillón Municipal de Marzán***).

***SABADO, 29 DE FEBREIRO***

Ás 10 da mañá: *"O FOGONAZO"*
Pasarrúas con el *FELUCHE* de Avilés e *CHARANGA POPULAR de Tapia*.

Ás 5 da tarde: *XI GRAN DESFILE DO ANTROIDO*
El Feluche, Charanga Popular de Tapia e Agrupación Folclórica a Fiada de Foz.

Ás 11 da noite; *BAILE DE DISFRACES* coas *orquestas SONORA ESPECTÁCULO* e *DUENDES*

***Máis de 600.000 ptas. en premios***

***CARROZAS:***
1º premio: 75.000 ptas.
2º premio: 45.000 ptas.
3º premio: 35.000 ptas.
4º premio: 22.000 ptas.
5º premio: 10.000 ptas.
6º premio: 10.000 ptas.

***COMPARSAS:***
1º premio: 55.000 ptas.
2º premio: 35.000 ptas.
3º premio: 25.000 ptas.
4º premio: 15.000 ptas.
5º premio: 10.000 ptas.
6º premio: 10.000 ptas.

***GRUPOS:***
1º premio: 35.000 ptas.
2º premio: 20.000 ptas.
3º premio: 15.000 Ptas.
4º premio: 10.000 ptas.
5.º premio: 10.000 ptas.
6º premio: 10.000 ptas.

***PARELLAS:***
1º premio: 20.000 ptas
2º premio: 15.000 ptas.
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 10.000 ptas.
5º premio: 5.000 ptas.

***INDIVIDUAIS:***
1º premio: 20.000 ptas.
2º premio: 15.000 ptas
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas.

***INFANTIS:***
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
3º premio: 8.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas.
5º premio: 5.000 ptas.

e premios de 5.000 Pts., ó inxenio, ó sacrificio, ó millor disfraz, ó participante maior de 60 anos, e á parella de máis de 60 anos


Bar O CHICARO

Tapas y Raciones
Especialidad en:
Tortillas de Marisco



Calle del Mar, 18 - Tfno. 13 23 66 - FOZ

**DOMINGO, 1 DE MARZO**

Ás 5 da tarde *BAILE INFANTIL* coa orquesta *MADRIGALES*

**LUNS, 2 DE MARZO**

A partir das 11 da noite tradicional *BAILE DO ANTROIDO* coas orquestas *BAND BALUBA* e *ESTAÑO*

**MARTES, 3 DE MARZO**

Pola mañá pasarrúas con *A FIADA DE FOZ*

**FIESTIVAL DO ANTROIDO**

Ás 5 da tarde *BAILE INFANTIL DE DISFRACES*. Despois ás 11 da noite *BAILE DO FAROLIÑO* coas *orquestas DUENDES* e *PLAYER'S*

**SABADO, 16 DE FEBREIRO**

**QUEIMA DO ANTROIDO**

*coa tradicional procesión chea de pranto e loito riguroso*

Ás 11 da noite *BAILE DESPEDIDA* coas orquestas *OASIS* e *SOLARA*







CAFETERÍA - RESTAURANTE

**Casa do Mar**

Avda. da Ribeira, s/n.
Teléfono (982) 13 23 18 - 27780 FOZ (Lugo)






Este ano ós folletos da progamación do Antroido foron patrocinados pola ***Auto-Escola Mundial*** e por ***Construcciones Rifer***.

A Coral Polifónica de Foz sorprendeu a todos o martes de Antroido coa representación dunha voda:

***La coral Polifónica de Foz, comunica su Boda de Carnaval entre la gentil Sta. Genma y el apuesto Nicolás el martes, día 3 de Marzo de 1992.***

***19 Horas:*** *Salida de Invitados y Madrina hacia la casa del novio, con comitiva engalanada.*
***19,30 Horas:*** *Ritual de pedida en el Domicilio de la Novia, con resto de invitados y niños de arras.*
***20-21,30 Horas:*** *Canciones de Antroido a cargo del Cortejo Nupcial por los Establecimientos Hosteleros de Foz.*
***20,30 Horas:*** *Ceremonia Nupcial en el Muelle.*
***21,30 horas:*** *Banquete Nupcial y Baile a cargo de la conocida Orquesta: "Los de siempre" (por las canciones que interpretan)*






OS PALLARES, s.l.
CONSTRUCCIONES & PROMOCIONES

CONSTRUCCIONES & PROMOCIONES

**OS PALLARES, s.l.**

Avda. de Xove, 36
Tels. Ofic. 13 23 95 - Part. 14 18 92 - Móvil 908 58 85 20 - 27780 FOZ (Lugo)

# ANO 1993

De novo a Comisión está formada polos compoñentes do ano anterior: presidente ***Emiliano Gómez, Celia Núñez*** como tesoureira; ***Fernando Alonso*** como secretario; ***Concha Pintos, Camilo Marful e Manuel Montenegro*** como vocais.

Foi nomeada Raíña do Antroido: ***Ariazna Goyos Castiñeira***, estudiante de B.U.P. e de 15 anos de idade. Por primeira vez a Raíña vai acompañada de dúas Damas de Honra, que serán as súas propias irmáns: ***Lorena*** e ***Tania Goyos Castiñeira***.




Uns rapaces do barrio de Mañente preséntanse ó desfile cunha carroza que representaba a un programa concurso da Televisión de Galicia: o ***"SUPERMARTES"***, que dirixe o profesional ***"Super Piñeiro"***. Deuse a casualidade de que esta carroza saiu no telexornal da mencionada TVG cun ben parecido "Super Piñeiro" como a propia ***TVG*** nos informativos confirmou, pero cunha estrañeza: ¡que se lle concedeu o ***Premio ó DESASTRE!***. "Super Piñeiro", que tamén traballa na Radio Galega, tratou de poñerse en contacto con estes rapaces facendo unha chamada pola radio, chamada que

INMOBILIARIA
NOS
Trapero Pardo, 14
Teléfono 141 503 / Fax 141 614
27780 FOZ (Lugo)



se fixo escoitar, e a raíz da cal este grupo de rapaces foron ó programa da TVG "Super Martes", acompañados incluso da Raíña do Antroido Ariazna Goyos Castiñeira.

Os bailes tamén se fan no Pavillón de Marzán. Dende sempre o domingo de Antroido celébrase o baile infantil, realizado pola ***Asociación de Amas de Casa de Foz***, e celebrándose no mesmo lugar ou local da Comisión organizadora; pero neste ano de 1993 a comisión non lle cede o local ás ***Amas de Casa*** e organiza o baile a mesma comisión, polo que as ***Amas de Casa*** vense obrigadas a facelo baile infantil nos locais do Restaurante Leytón o que motiva que a xente teña que repartirse, uns ó ***Pavillón de Marzán*** e outros o ***Leytón***.

O remate do Antroido demite a comisión na súa totalidade, incluído ***Emiliano da Xacoba***.

Os actos para a celebración do antroido 93 foron os seguintes:

***SABADO, 20 DE FEBREIRO***

Ás 10 da mañá *"O FOGONAZO"*
Pasarrúas coa *CHARANGA OS MACANUDOS* e a *COMPARSA CON XEITO*

Ás 4,30 da tarde: *XIII GRAN DESFILE DO ANTROIDO*
*OS MACANUDOS* e a *COMPARSA CON XEITO*

Ás 11 da noite BAILE DE DISFRACES coas orquestas: *SENADORES* e *NOVA XUNTANZA*

***700.000 ptas. en premios***

***CARROZAS:***
1º premio: 75.000 ptas.
2º premio: 50.000 ptas.
3º premio: 30.000 ptas.
4º premio: 20.000 ptas.
5º premio: 15.000 ptas.

***COMPARSAS MUSICAIS:***
1º premio: 50.000 ptas.
2º premio: 30.000 ptas.
3º premio: 20.000 ptas.

***CHARANGAS:***
1º premio: 50.000 ptas.
2º premio: 30.000 ptas.
3º premio: 20.000 Ptas.

***GRUPOS:***
1º premio: 40.000 ptas
2º premio: 25.000 ptas.
3º premio: 20.000 ptas.
4º premio: 15.000 ptas.
5º premio: 10.000 ptas.

***PARELLAS:***
1º premio: 20.000 ptas.
2º premio: 15.000 ptas.
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 10.000 ptas.
5º premio: 5.000 ptas.

***INDIVIDUAIS:***
1º premio: 20.000 ptas.
2º premio: 15.000 ptas
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas.

***INFANTIS:***
***Grupos:***
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas.

***Parellas:***
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas

***Individuais:***
1º premio: 10.000 ptas.
2º premio: 8.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 pas.

E premio de 5.000 ptas. ó Inxenio, ó Sacrificio, ó Desastre, e ó participante maior de 60 anos, e 10.000 ptas. á parella de máis de 60 anos.

A MASEIRA
Especialidade en tortilla de pulpo e viños do pais
Tel 13 23 07 - FOZ

***DOMINGO, 21 DE FEBREIRO***

Ás 5 da tarde *BAILE INFANTIL* co grupo *"AMISTAD"*

***LUNS, 22 DE FEBREIRO***

A partir das 11 da noite Tradicional *BAILE DO ANTROIDO* coas orquestas *"LOS DUENDES"* e *"CHINGLA E SALVA"*

***MARTES, 23 DE FEBREIRO***
***FESTIVAL DO ANTROIDO***

Ás 5 da tarde *BAILE INFANTIL DE DISFRACES* coa orquesta *CIUDAD DE LUGO.*

Ás 11 da noite *GRAN BAILE COAS ORQUESTAS VARIEDADES* e *CIUDAD DE LUGO.*

A partires da 1, celebrarase *O Tradicional BAILE DO FAROLIÑO.*

***SABADO, 27 DE FEBREIRO***
***QUEIMA DO ANTROIDO***
*Coa tradicional procesión chea de pranto e loito riguroso*

E as 11 da noite *BAILE DESPEDIDA* coa orquesta *CIUDAD DE LUGO.*

A ***Auto-Escola Mundial*** foi unha vez máis o patrocinador dos folletos coa programación do Antroido.


FUNERARIA FABEIRO
SERVICIO PERMANENTE
TRASLADOS
CORONAS
RAMOS, ETC.
- RAFA Y CHUS -
Teléfonos 907 99 92 22 - 907 77 79 22 FOZ

FABEIRO
AUTOMÓVILES
SEGUROS GENERALES
C/. Alvaro Cunqueiro, 23
Teléfono 14 03 01 - 27780 FOZ (Lugo)




## ANO 1994

O demitir toda a Comisión cúmprese coa lexislación disposta no ano 1990, ano en que a comisión traspasa tódolos poderes da organización do antroido ó Concello, xa que nos anos anteriores calquera veciño podía facerse cargo da organización sen pedir permiso a ninguén.

A principal claúsula da comisión do 1990 era evita-lo "negocio" coa recadación do Antroido ó consideralo "Fondos Públicos" propiedade do pobo, polo que o Concello concedería a súa organización a quen en Pleno se crese conveniente. Así é como ó non haber ninguén que se faga cargo de forma-la Comisión ten que se-lo propio concello o encargado de organizar o Antroido (desexo, tamén, da Comisión de 1990), polo que a Delegación de Cultura do Concello é a encargada da súa organización.

A Comisión fórmase con ***Xosé Carlos Paleo*** (Concelleiro de Cultura) como presidente; ***José Saa Saa*** (Concelleiro de Urbanismo) como tesoureiro, e ***Pilar López Pérez*** (Técnica de Cultura) como secretaria, xa que a lexislación obrigaba, incluso ó Concello, a formar unha comisión cun mínimo de tres membros: Presidente, Tesoureiro e Secretario; estando fóra da comisión ***Xesús do Breogán***, aínda que si exerceu de asesor.



Este ano é nomeada Raíña do Antroido ***Leticia Veiga Lestegás*** que contaba daquela coa idade de 19 anos. Leticia é a única Raíña que vai acompañada de rapaces en vez de rapazas, ou sexa Cabaleiros de Honra, que son: ***Javier Jorge*** e ***Balbino López***.

A comisión decide tres cousas positivas: a primeira é poñer valados no percorrido do desfile para evitar que o público se amontoase no centro das rúas, molestando ós concursantes; a segunda foi aforra-lo traballo de catro persoas ó tomar nota dos participantes cun ordenador, así conséguese o censo completo dos concursantes incluíndo datos útiles como por exemplo a idade, xa que existe o ***Premio ó máis novo e ó máis vello***, ou a procedencia dos mesmos; e a terceira, reducir o número de compoñentes do ***Xurado***.


ARTE FERSUEM
MANUALIDADES
LAMPARAS TIFFANY - MOLDURAS - CUADROS - VIDRIERAS
ESPEJOS A MEDIDA
Rúa da Pedra, 1 - B - Tel. (982) 58 58 35 / Fax 58 58 35 - BURELA (Lugo)
INTERNET: E-MAIL - alcininformatica @ lug. Servicon-es BURELA - LUGO - SPAIN



Nos anos anteriores o ***Xurado*** estaba formado por doce persoas divididas en tres grupos de catro compoñentes, que serían situados nos seguintes postos: un grupo no peirao, outro no centro da Avda. da Mariña,e o terceiro na Casa do Mar. Pero este ano decídese distribuir ó Xurado camuflado entre o público, xa que ó estar nun lugar determinado e visible os concursantes só facían a súa exhibición nos lugares onde estaba o Xurado, e deste xeito os concursantes vense na obriga de facer a exhibición por todo o percorrido.

Para o Antroido 94 a Comisión organizadora programou os seguintes actos:

***SABADO, 20 de FEBREIRO***

Ás 10 da mañá: *"O FOGONAZO"*. Pasarrúas coa *CHARANGA OS MACANUDOS* e a *COMPARSA CON XEITO.*

Ás 4,30 da tarde: *XIII GRAN DESFILE DO ANTROIDO. CHARANGA OS MACANUDOS* e a *COMPARSA CON XEITO.*

Ás 11 da noite *BAILE DE DISFRACES* coas orquestas: *"BADU* y *SUS MULATAS"* e *"LEDICIA"*

***700.000 ptas. en premios***

***CARROZAS:***
1º premio: 75.000 ptas.
2º premio: 50.000 ptas.
3º premio: 30.000 ptas.
4º premio: 20.000 ptas.
5º premio: 15.000 ptas.

***COMPARSAS MUSICAIS:***
1º premio: 50.000 ptas.
2º premio: 30.000 ptas.
3º premio: 20.000 ptas.

***CHARANGAS:***
1º premio: 50.000 ptas.
2º premio: 30.000 ptas.
3º premio: 20.000 Ptas.

***GRUPOS:***
1º premio: 40.000 ptas
2º premio: 25.000 ptas.
3º premio: 20.000 ptas.
4º premio: 15.000 ptas.
5º premio: 10.000 ptas.

***PARELLAS:***
1º premio: 20.000 ptas.
2º premio: 15.000 ptas.
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 10.000 ptas.
5º premio: 5.000 ptas.

***INDIVIDUAIS:***
1º premio: 20.000 ptas.
2º premio: 15.000 ptas
3º premio: 10.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas.

***INFANTIS:***
***Grupos:***
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas..
***Parellas:***
1º premio: 15.000 ptas.
2º premio: 10.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 ptas
Individuais:
1º premio: 10.000 ptas.
2º premio: 8.000 ptas.
3º premio: 5.000 ptas.
4º premio: 5.000 pas.

E premio de 5.000 ptas. ó Inxenio, e ó Sacrificio.

***DOMINGO, 13 de FEBREIRO***

Ás 5 da tarde: *BAILE INFANTIL* co grupo *"BAHIA"*



SIDRERÍA
A BATEA
Sidra natural
Vinos del pais
Tapas y raciones
PLAYA DE FOZ

CADENA CIEN
ARTICULOS DESDE 100 PTS.
REGALO-DECORACION
MENAJE DE COCINA, ETC.
Celso Emilio Ferreiro, 2
Tel. 58 13 94
27880 BURELA
Alvaro Cunqueiro, 2
Tel. 13 28 40
27780 FOZ




***LUNS, 14 DE FEBREIRO***

A partir das 11 da noite Tradicional *BAILE DO ANTROIDO* coas orquestas *"SATELITE"* e *"CHINGLA E SALVA"*

***MARTES, 15 DE FEBREIRO***
***FESTIVAL DO ANTROIDO***

Ás 5 da tarde *BAILE INFANTIL DE DISFRACES* coa orquesta *"ARCADIO* e *NOAVA ONDA"*
Ás 11 da noite *GRAN BAILE* coas orquestas *"VARIEDADES"* e *"BAHIA"*
A partires da 1, celebrarase o Tradicional *BAILE DO FAROLIÑO*

***SABADO, 19 DE FEBREIRO***

Ás 10 da noite na Rapadoira *QUEIMA DO ANTROIDO* coa tradicional procesión chea de pranto e loito riguroso.

Os folletos coa programación do antroido foron patrocinados por o ***Bar Eskina*** o ***Pub Boa Boa*** e ***Código de Barras***.

No desfile deste ano destaca a contratación dun grupo brasileiro chamado ***"BADÚ Y SUS MULATAS",*** que a pesar de cadrar un día 12 de febreiro fixeron o percorrido do desfile semi-espidas. Eran seis rapazas mulatas acompañadas polo grupo de percusionistas ***"BADÚ"***. Menos mal que a pesar de todo foi un día cheo de sol e cos seus movementos de ritmo tropical moi febril non lles deu tempo a enfriar (ou eso cremos).

Cómpre sinalar que a ***Queima do Antroido*** faise esta vez na Praia da ***Rapadoira***. A causa da chuvia e a escasa concorrencia, á mesma a organización decide suprimi-la Queima a partir deste ano.


CONSTRUCCIONES
NT S.L.
NEIRA TROBO S.L.
Tels. 58 15 11 - 58 15 50
BURELA (Lugo)

## ANO 1995




